

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 23 DE FEBREIRO DE 2012.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 23:10 horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil doce, xuntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

A Concelleira, Isabel Sesar Otero, incorporase a sesión as 13:20 horas.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vazquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES

Por non terse repartido acta/s da/s sesión/s anterior/es, deixase sen contido este punto da orde do día ordeando o Alcalde pasar ao seguinte.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- REQUERIMENTO Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DE TRAMITACIÓN DE PROCEDEMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA ASÍ COMO PROCEDEMENTO SANCIONADOR EN RELACIÓN CUNHA PLANTACIÓN DE EUCALIPTOS NAS PARCELAS 115 E 117 DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE DORMEÁ BOIMORTO

Pola Secretaria dáse lectura ó escrito remitido pola Axencia de protección da legalidade urbanística e que tivo entrada neste Concello en data 31/01/2012 co número 5 no que en relación co artigo 350 do Código Civil informan que as facultades de realización dunha plantación como a potestade normativa do Concello nesta materia pertence ó ámbito do dereito civil e que a regulación que do uso forestal fai o artigo 41 do PXOM de Boimorto ten que entenderse dentro das competencias en materia forestal alleas ás sinaladas na lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en cuxo ámbito desenvólvese a actuación da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

Dáse conta pola Secretaría da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditada no procedemento ordinario nº 4385/2004 sentenza nº 00876/2007 que en relación cun recurso contencioso administrativo fronte a inactividade do Concello de Val do Dubra e da Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia por non iniciar un expediente de reposición da legalidade urbanística e expediente sancionador por unha plantación, estimao parcialmente en canto dirixido contra a Administración Autonómica e a condena a que tramite e resolva ditos procedementos.

Por unanimidade a Xunta de goberno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Solicitar á Axencia de Protección da legalidade urbanística aclaración sobre a súa interpretación de carencia de cobertura no marco da legalidade urbanística para o inicio de procedementos de reposición da legalidade urbanística e sancionador urbanístico fronte unha plantación á vista da sentenza sinalada nos considerandos deste acordo da que se remitirá copia aos efectos oportunos.

SEGUNDO.- Certificado deste acordo sexa remitido os/as interesados/as no expediente e solicítese informe á Consellería competente en materia urbanística da Xunta de Galicia en relación co marco das competencias municipais en materia de plantacións delimitadas nun Plan xeral de ordenación municipal adaptado á Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia á vista dos escritos remitidos pola Axencia de Protección da legalidade urbanística cando se solicitou a súa actuación en relación con plantacións que incumpren os condicionantes establecidos na licenza ou que non solicitan autorización.

2.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA QUE SE APROBA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS E POLÍTICAS DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de servizos sociais, rexistro de entrada n.º 170 de data 09/02/2012, no que se comunica a aprobación da xustificación da subvención de programas de desenvolvemento de servizos sociais e políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero, no Proxecto de participación social da infancia e adolescencia por importe de 7.178,74 euros

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA QUE SE APROBA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE A CAMPAÑA DE SOCORRISMO ANUALIDADE 2011

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de promoción económica, rexistro de entrada n.º 183 de data 14/02/2012, no que se comunica a aprobación da xustificación relativa á aportación provincial correspondente á campaña de “Socorrismo anualidade 2011” así como dar por xustificado o anticipo prepagable aboado.

Anticipo 100%	Mínimo a xustificar	Xustificado
2.346,06€	2.932,58€	2.932,58€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.4.- ESCRITO DO SERVIZO DE MOBILIDADE COMUNICANDO EXENCIÓN AUTORIZACIÓN DE TRANSPORTE

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Servizo de Mobilidade, rexistro de entrada n.º 122 con data 30/01/2012 no que

se comunica a exención de autorización de transporte (tarxeta) do vehículo matrícula 5022-HHB destinado a transporte de persoas.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.5.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS COMUNICANDO A PARTICIPACIÓN DESTE CONCELLO NO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL 2012

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Consellería de Facenda, Dirección Xeral de Orzamentos, rexistro de entrada n.º 162 con data 08/02/2012 no que se comunica a participación no Fondo de Cooperación Local 2012, resultando ser o reparto para este Concello seguinte:

Fondo Base: 197.118,80€

Fondo Adicional: 3.492,51€

Total: 200.611,31€

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.6.- ESCRITO DA COMANDANCIA DA GARDA CIVIL DE BOIMORTO.

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido pola alcaldía ao comandante do posto da Garda Civil con data 26 de xaneiro de 2012, rexistro de saída número 319, á vista das denuncias remitidas polo referido posto dende o exercicio 2009 por infracción da Lei 10/2008 sobre vertidos e residuos de Galicia, no que se indica que de acordo co artigo 3, apartado b da Lei 10/1998, de 21 de abril (BOE do 22), de residuos (LRU), son residuos os <<animais domésticos mortos, así como mobles, enseres e vehículos abandonados>>. En caso de vehículos depositados en terreos privados aínda que estén de baixa non implica que deban desaparecer, se son depositados polos seus donos en fincas particulares por propia vontade e co fin de utilízalos para outros usos, supón que non están abandonados, polo que se solicita que nos indique se están ou non están en vía pública.

Vista a resposta do posto da Garda Civil de Boimorto, no que se informa que os vehículos que estaban na vía pública foron retirados salvo dous vehículos referidos aos expedientes números 2011-004392-00000046 e 2011-004392-00000030 que están en finca particular.

A Xunta de Goberno Local, con 3 votos a favor, non estando presente Isabel Sesar Otero **ACORDA:**

ÚNICO.- Arquivar os expedientes tramitados ao efecto, considerando que os vehículos non retirados indicados nas denuncias 2011-004392-00000046 e 2011-004392-00000030 non están en vía pública e os outros foron retirados.

2.7.- ESCRITO PRESENTADO POR D. RAMÓN MARIÑO LÓPEZ E D. JESÚS GAREA LORENZO EN CALIDADE DE PRESIDENTE E VICEPRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA, GASTRONÓMICA, CULTURAL E AMBIENTAL RÁPIDO DE DORMEÁ.

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Ramón Mariño López e D. Jesús Garea Lorenzo en calidade de presidente e vicepresidente da Asociación Deportiva, Gastronómica, Cultural e Ambiental RÁPIDO DE DORMEÁ con número de rexistro de entrada neste Concello 142 en data 06/02/2012 no que se SOLICITA:

<<Primeiro: Requerir a este Concello para que nos facilite o nome da Compañía de Seguros do Camión responsable do destrago do balo de pedra da Igrexa Parroquial de Dormeá.

Segundo: Información escrita da situación do pago a facer pola aseguradora para reparar o destrago feito polo seu cliente.

Terceiro: Información de cando se van facer as obras de reparación total do balo; tanto no caso de ter cobrada a indemnización do seguro como no caso de estar pendente.

Cuarto: Información das obras, do entorno da nosa histórica Igrexa, sancionadas (autorizadas ou non) por ese Concello.

Quinto: Cambia-la ubicación dos contedores de lixo, quitándoos da praza, e tapar o rego/cuneta de cemento no tramo de pista de detrás dos panteóns.>>

A Xunta de Goberno Local, con 3 votos a favor, non estando presente Isabel Sesar Otero
ACORDOU:

Primeiro.- Comunicar aos interesados que en relación co punto primeiro, segundo e terceiro o Concello mediou no asunto ante os intereses veciñais, pero non é competencia municipal nin o arranxo do balo nin o do cobro de ningunha aseguradora para ese fin, non se cobrou ningún diñeiro para dito arranxo e non é competencia municipal esa reparación.

Segundo.- Informar aos interesados que en relación co punto cuarto existe un expediente na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para o exercicio das competencias en materia de reposición da legalidade urbanística que foron delegadas por este Concello, en relación coas obras executadas por D. José Ángel Garea Sánchez, á cal deberán dirixirse para informase en que situación se atopa o referido expediente.

Terceiro.- En relación co punto quinto indicar que se toma coñecemento de cambiar a ubicación dos contenedores de lixo e de tapar a cuneta.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS

3.1.1.- LICENZA PARA A PLANTACIÓN DE EUCALIPTOS NA FINCA Nº 345 NA PARROQUIA DE ÁNXELES, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JESÚS VIEITES GÓMEZ

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitada a instancia de D. Jesús Vieites Gómez, en posesión do DNI núm. 32212263G e con domicilio para os efectos de notificación en R/ Alfonso Senra nº 93 4º dereita, Ordes, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 105 de data 27/01/2012 para a plantación de eucaliptos na finca nº 345 na parroquia de Ánxeles.

Visto o informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 30/01/2012 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

INFORME:

Con data 27 de xaneiro de 2.012, número de rexistro 105, D. Jesús Vieites Gómez, solicitou ante o concello de Boimorto autorización para a plantación de eucaliptos nitens na finca nº 345 do polígono 506.

En relación con este asunto os servizos técnicos municipais emitiron varios informes, sendo o último o de 21 de novembro de 2.011

Coa documentación presentada, preténdese a legalización dunha plantación xa realizada, habéndoselle requirido por parte do Concello ao propietario a necesidade da mencionada legalización mediante Decreto 411/2011, do 7 de decembro de 2.011.

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

A parcela mencionada con anterioridade está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección de infraestruturas, xa que linda coa estrada autonómica AC-840. En SRP forestal as plantacións encóntranse entre os usos permitidos no artigo 76. Pola súa banda, en SRP de infraestruturas (Art. 77) as plantacións non están permitidas. Independentemente de elo, na zona de afección da estrada (30 m.) é preciso obter a autorización previa do Servizo de Infraestruturas da Demarcación Territorial da CMATI.

De acordo co establecido no artigo 41.2 relativo a plantación e tala de árbores, establécese a obrigatoriedade da solicitude de autorización previa da plantación de superficies forestais superiores a 500 m². Na comunicación identificarase o propietario, o terreo de plantación, así como a especie e a densidade.

Segundo a documentación presentada, os datos básicos da plantación son os seguintes:

- Propietario: D Jesús Vieites Gomez
 - Especie de madeira obxecto de plantación: Eucalipto nitens
 - Parcela 345 polígono 506.
 - Densidade: -.

Os usos que presenta a parcela segundo a información obtida do SIXPAC e a seguinte:

Parcela	Uso	Superficie Ha
345	Forestal	2,4031

Deberanse cumprir as distancias sinaladas no artigo 41.2.1 do PXOM

	Eucaliptos
Vivendas	50 m
A lindeiros	Árbores 2 m; Arbustos 50 cm
Ao eixe do camiño e das pistas	4 m
Aos mananciais	25 m

No relativo ás pistas e camiños, as plantacións deberás respectar as distancias establecidas no artigo 43 para os cerramentos das fincas. Neste caso, ao tratarse dunha estrada autonómica as distancias as marcará o organismo competente.

Ademais, deberanse cumprir as distancias sinaladas polo artigo 25 da lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que establece para o caso dos eucaliptos as seguintes:

i. Con vivendas ou instalacións preexistentes: 50 metros. En calquera caso, as axudas para as repoboacións forestais condicionaranse a que na superficie que estea a menos de 100 metros desde o límite de calquera parcela edificada no núcleo rural non se introduzan tales especies.

As distancias mediranse desde o límite exterior da repoboación, entendendo por tal o pé do exemplar dela mais próximo á propiedade veciña, ata o límite medianeiro coa outra propiedade.

A solicitude presentada se axusta ao establecido nos artigos 76 e 41.2 do PXOM, así como na lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, podéndose autorizar a plantación no terreo clasificado como solo rústico de protección forestal nas condicións indicadas, concretamente no que se refire as distancias, mentres que nos

terreos clasificados como solo rústico de protección de infraestructuras, coincidentes coa liña límite de edificación da estrada AC-840, non se poderán plantar árbores.

A plantación deberá contar coa autorización do Servizo de Infraestructuras da Demarcación Territorial da CMATI.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 30 de xaneiro de 2.012.

Fernando Delgado Juega
CERNE INGENIERÍA S.A>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, con 3 votos a favor, non estando presente Isabel Sesar Otero **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Outorgar autorización a D. Jesús Vieites Gómez, en posesión do DNI núm. 32212263G para a plantación de eucaliptos na finca nº 345 da parroquia de Ánxeles, cos condicionantes establecidos no informe técnico transcrito nos considerandos do presente acordo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpor fronte o acordo de autorización.

3.1.2.- LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE COMPLEXO PARA TURISMO RURAL E HOSTALARÍA NO LUGAR DE PONTE PRÉSARAS, PARROQUIA DE ANDABAO, A INSTANCIA DE D^a. MARÍA JOSÉ HERMIDA JORGE EN REPRESENTACIÓN DE DECORGA, S.L.

Visto o escrito número 1203 de data 09/01/2012 no que por D. Francisco Cernadas Ares, en representación de Decorga, S.L., solicítase visita de comprobación ás instalacións do complexo destinado a turismo rural e hostalaría en Ponte Présaras, parroquia de Andabao, e se conceda a licenza para a posta en funcionamento da actividade.

Vista a documentación aportada como complementaria á solicitude de licenza de apertura presentada con data 10/01/2012, rexistro de entrada número 52; con data 07/02/2012, rexistro de entrada número 150 e con data 14/02/2012, rexistro de entrada número 180.

Visto informe técnico de 16/02/2012 de D. Ángel Delgado Cid no que se informa favorablemente a posta en funcionamento da actividade tras a visita de comprobación realizada para o outorgamento de licenza definitiva de actividade.

A Xunta de Goberno Local, con 3 votos a favor, non estando presente Isabel Sesar Otero **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder a D. Francisco Cernadas Ares en representación da sociedade DECORGA, S.L. Licenza definitiva de actividade do complexo destinado a turismo rural e hostalaría sita no lugar de Ponte Présaras, parroquia de Andabao, actividade a desenvolver cumprindo as medidas correctoras que constan no expediente e que queda identificada co número 2.7.1.1, de conformidade co disposto no artigo 2.1 do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas na comunidade Autónoma, autorizándose un aforo de 170 persoas.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por licenza de apertura de establecementos en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto, que deberá ser ingresada previamente, sen a cal a licenza non producirá efecto ningún.

Base imponible superficie ocupada: 1.000,65 m²

Tipo = 1 €/m²

Cuota a ingresar: 1.000,65 €uros.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

3.1.3.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE BOIMORTO.

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Xesús Lois Mariño López, en calidade de secretario da Asociación deportiva, gastronómica, cultural e ambiental RÁPIDO DE DORMEÁ, con número de rexistro de entrada neste Concello 126 con data 01/02/2012, no que solicita autorización para utilizar as instalacións deportivas pertencentes ao campo municipal de fútbol o día 4 de agosto de 2012.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

ÚNICO.- Autorizar á Asociación deportiva, gastronómica, cultural e ambiental Rápido de Dormeá, o uso do campo de fútbol de herba de Boimorto para o día 4 de agosto de 2012 sempre que se conte coa conformidade do equipo de fútbol.

3.2.- AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 4/2012

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 151, con data 07/02/2012, presentada por D^a. Luisa María Boado Taboada, con domicilio a efectos de notificación en R/ Manuel Azaña nº 43 3º B, A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 7 do lugar de Fontao, parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D^a. Luisa María Boado Taboada, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 7 do lugar de Fontao, parroquia de Brates, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 5/2012

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 141, con data 04/02/2012, presentada por D^a. María Magdalena Lojo Rozada, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Arentía nº 20, Andabao, Boimorto, A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 20 do lugar de Arentía, parroquia de Andabao, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D^a. María Magdalena Lojo Rozada, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 20 do lugar de Arentía, parroquia de Andabao, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA 1/2012

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 166, con data 09/02/2012, presentada por D. Manuel Pintor Vázquez, con domicilio a efectos de notificación na R/ Teniente General Gómez Zamalloa nº 9 3º D, A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 5 do lugar de Cruceiro, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Manuel Pintor Vázquez, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 5 do lugar de Cruceiro, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.4.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA 2/2012

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 140, con data 04/02/2012, presentada por D^a. María Magdalena Lojo Rozada, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Arentía núm. 20, Andabao, Boimorto, A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 20 do lugar de Arentía, parroquia de Andabao, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D^a. María Magdalena Lojo Rozada, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 20 do lugar de Arentía, parroquia de Andabao, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.5.- AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 10-03-2012

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Francisco Javier Aguión Veiga con DNI 78793956G en calidade de vogal da asociación de cazadores “Dobarro”, e con domicilio en lg. Piñeiro núm. 20, Cardeiro, Boimorto, no que solicita autorización para a utilización da casa de cultura o día 10/03/2012 de 20.00 a 22.00 h da noite para unha reunión da asociación de cazadores.

A Xunta de Goberno Local por unamidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar á D. Francisco Javier Aguión Veiga, o uso do salón de actos da casa de cultura para o día 10/03/2012 de 20.00 a 22.00 h da noite.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

3.2.6.- BAIXA NO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 96, con data 25/01/2012 presentada por D. Jesús Gómez Sánchez con DNI 76503510J, con domicilio a efectos de notificacións en Casa de Turismo Rural “Os Ferreiros”, Carballeira 2, Forcarei, Pontevedra, na que solicita a baixa na taxa por recollida de lixo correspondente á vivenda sita no lugar de Vilar de Suso núm. 6, parroquia de Rodieiros, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que é un servizo de recepción obrigatoria, non pode eximirse da taxa salvo que o administrado acredite a imposibilidade de recibilo, por exemplo, vivenda non utilizable por estar de baixa en electricidade, auga ou estar declarada en ruína.

Vista a ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa por recollida de lixo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo de lixo que figura a nome de D. Jesús Gómez Sánchez, con efectos a 1 de marzo de 2012.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidade e sancionador oportuno.

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 6/2012) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA E COLOCACIÓN DE CANOS E BAIXANTES NA VIVENDA SITA NO NÚMERO 26 DO LUGAR DE ZAÍN, PARROQUIA DE RODIEIROS, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. DAVID PAMPÍN GARCÍA.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. David Pampín García, con DNI núm. 33226194A, e con domicilio para os efectos de notificación no número 26 do lugar de Zaín, parroquia de Rodieiros, Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 214 de data 22/02/2012 para a substitución do material de cuberta e colocación de canos e baixantes na vivenda sita en Zaín nº 26, parroquia de Rodieiros, (solo de núcleo rural) segundo memoria descriptiva presentada.

Tramitada polo interesado solicitude de autorización do Organismo Augas de Galicia (expediente DH.W15.26320) e incorporado ao expediente comunicación do Xefe do Servizo Territorial Zona Galicia-Centro de Augas de Galicia en data 15/12/2011, no que informa que á vista do informe de Gardería de Explotación de data 22.06.2011, no que se constata que a súa vivenda se atopa fóra da zona de policía de leitos públicos, definida no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, as obras non precisa autorización de Augas de Galicia.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 22/02/2012 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de núcleo orixinario disperso.

Vista a consulta descriptiva e gráfica de datos catastrais de bens inmobles de natureza urbana, a vivenda data do ano 1900.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. David Pampín García, con DNI núm. 33226194A (LO 6/2012) substitución do material de cuberta e colocación de canos e baixantes na vivenda sita en Zaín nº 26, parroquia de Rodieiros, (solo de núcleo rural) segundo memoria descriptiva presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: **8.807,36 €uros**.

Liquidación 2%: **176,15 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 7/2012) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA E COLOCACIÓN DE CANOS E BAIXANTES NA VIVENDA SITA NO NÚMERO 2 DO LUGAR DE VILAR, PARROQUIA DE ANDABAO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D^a. HERMITAS PETEIRO LÓPEZ.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D^a. Hermitas Peteiro López, con DNI núm. 76474969S, e con domicilio para os efectos de notificación no número 2 do lugar de Vilar, parroquia de Andabao, Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 671 de data 01/06/2011 para a substitución do material de cuberta e colocación de canos e baixantes na vivenda sita en Vilar nº 2, parroquia de Andabao, (solo de núcleo rural) segundo memoria descriptiva presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 13/02/2012 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

Vista a consulta descriptiva e gráfica de datos catastrais de bens inmoables de natureza urbana, a vivenda data do ano 1920.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

